



REGULAMENTO

I DÚATLON DE NADAL TERRAS DE ORDES

Circuíto Galego de Dúatlon Cros 2022

Proba de Promoción e Menores

Proba aberta a parellas, licenzas de 1 día e federados da FGC

1. Organiza:

- Mancomunidade Terras de Ordes
- Club AD Fogar da Xuventude
- Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno
fegatri@hotmail.com Tlf. 982251345

3. Colabora:

- Deputación Provincial de A Coruña
- Concello de Tordoia
- Secretaría Xeral para o Deporte

3. Lugar de Celebración:

- Inmediacións da Piscina Municipal de Tordoia
Coordenadas (43.095443922082836, -8.547103554000689)

4. Data e horarios da proba:

Sábado, 17 de decembro de 2022

- Saída promoción super sprint ás 9:45 horas
- Saída Absoluta ás 11:45 horas

5. Distancias

Absoluta Circuito - (Estándar):

- Carreira a pé: 6 km (2 voltas)
- Bicicleta: 18 km de BTT (2 voltas)
- Carreira a pé: 3 km. (1 volta)

Menores e promoción - (Supersprint):

- Carreira a pé: 3 km (1 volta)
- Bicicleta: 9 km de BTT (1 volta)
- Carreira a pé: 1,5 km. (1 volta)

Percorrido, tanto de carreira coma de bicicleta, un 5% asfalto e un 95% camiños e pistas de terra.

Proba de dificultade técnica e física media, que poden verse incrementadas en función das condicións meteorolóxicas.

6. Categorías :

- Proba Absoluta (Masculina e Feminina)

- Junior
- Absoluta
- Veterana

-Proba de Parellas

- Masculina
- Feminina
- Mixta

-Proba promoción de Menores (Masculina e feminna)

- Infantil
- Cadete
- Xuvenil

7. Inscricións:

- Ata o martes 13 de decembro ás 23:59

A inscrición realizarase en liña, a través da web da Federación Galega de Tríatlon, www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

9. Cota de inscrición e procedemento:

- Cota Individual: 12 €.
- Cota parellas: 24 €
- Cota Menores: Gratuíta

As cotas serán aboadas por TPV con tarxeta bancaria

Deportistas con licenza de Triatlón 2022

- CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).
- DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas con licenza galega de ciclismo

- Deportistas con licenza da Federación Galega de Ciclismo (convenio FGC/Fegatri): Proba Absoluta e parellas - 12 € + 2,20 € licenza de 1 día (Total Abono 14,20€ por deportista)/ Menores- Só aboarán o custe da tramitación da licenza dun día (2,20 €)
- Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.
- Imprescindible, para que a inscrición de calquera deportista sen licenza Fegatri sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos asinado, que se pode descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>, á Federación Galega de Tríatlon, a través da plataforma de inscricións

Deportistas non federados/as

- Deportistas non federados. Proba absoluta e parellas 12 € + 3 € licenza de 1 día (Total Abono 15 € por deportista; organización subvenciona o restante 75% do custo habitual da licenza de 1 día). Proba de menores só aboarán a parte da tramitación da licenza temporal de 1 día(Total 3 euros)
- Unha vez no apartado COMPETICIÓNS picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNS para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.
- Imprescindible, para que a inscrición de calquera deportista sen licenza Fegatri sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos asinado, que se pode descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>., á Federación Galega de Tríatlon, a través da plataforma de inscricións

9. Baixas e política de devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación), rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

10. Publicación listaxes inscritos


- a) Listaxe provisional.** Publicarase o xoves anterior á proba (admítense reclamacións cando na listaxe hai algún erro debido ao manexo dos datos na Federación. Por exemplo, baixas solicitadas en tempo e que non aparecen como tales na listaxe).

É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a presentar reclamación no caso de haber erros.


- b) Listaxe definitiva.** Publicarase o venres anterior á proba, sendo firme e sen posibilidade de cambios.

11. Percorridos

CARREIRA A PÉ



CICLISMO BTT



12. Recollida de dorsais, acreditación e servizos:

- O día da proba, a partir das 9:00 h. e ata 10 minutos antes da primeira saída.
- Zona de secretaría a carón da transición
- Duchas, vestirarios e gardarroupa na zona habilitada nas inmediacións da piscina Municipal.

13. Reunión técnica:

- A reunión Técnica será publicada o xoves previo na web da FEGATRI

14. Control de material:

- Proba de menores- de 9:00 h. a 9:40 h.
- Proba de adultos- de 10:50 h. a 11:40 h.

15. Premios/Trofeos:

- Entregarase a cada participantes un agasallo.
- Trofeo/Medalla para 1º, 2º e 3º Postos da clasificación de cada categoría masculina e feminina individual e parellas masculina, feminina e mixta.

Entregas de premios ao remate da proba

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono".

**Exención COVID-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar a delegado técnico ou xuíz árbitro.*

16. Normas de competición:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>+

17. Normativa Xeral COVID-19

Segundo se recolle no protocolo FISICOVID-DXT de aplicación á proba, citado neste regulamento, é de aplicación e cumprimento para deportistas e resto de persoas involucradas no desenvolvemento da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersonal de 1,5 m en todo momento, salvo durante a práctica deportiva.
- Recoméndase o uso de máscara en espazos pechados.

- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

Infórmase aos/ás deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte

Chegada a meta:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixíranse, sen pararse, á zona próxima de postmeta, depositarán os seus chips nos recipientes e pasarán a avituallarse e saír da zona de postmeta para recoller a súa bolsa de gardarroupa e dirixirse á transición para retirar a bicicleta

